



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 11/2024 DO PLENO DO MÉRCORES 31 DE OUTUBRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 16:30 horas do xoves 31 de outubro de 2024 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, do Grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, asistindo os/as concelleiros/as seguintes:

Alternativa dos Veciños

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

ROCIO RABUÑAL BOUZAS

NATALIA PATIÑO CAÑAS

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BABEITO REY

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Grupo Mixto:

PATRICIA BLANCO FIDALGO-Grupo Mixto (PSdG_PSOE)

Non adscrito:

FRANCISCO BELLO HERMIDA

Non asisten:

SUSANA GUIMAREY GARCIA-Xustifica a súa ausencia

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ-Xustifica a súa ausencia

Foron asistidos pola secretaria accidental, SONIA CAMPOS ARES. Asiste a interventora municipal NOEMÍ GONZALEZ MATO.

Intervén o Sr. Alcalde para pedir un minuto de silencio polo acontecido en Valencia como



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

consecuencia da DANA que provocou graves incidencias e numerosas vítimas o cal é secundado por todos os membros presentes da Corporación Municipal.

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Proposición reorganización comisións informativas asuntos xeraris do pleno. Expte Tedec 2023/G005/000001

Polo alcalde indícase que despois da xuntanza de portavoces chegouse á seguinte proposición da cal procede á lectura relacionada coa orde do día :

“PROPOSICIÓN DE ACORDO

Organización/ Xestión de integrantes mandato 2023-2027

Reorganización Comisións informativas

Visto que o Pleno da Corporación do Concello de Carral, en Sesión Ordinaria do xoves 26 de setembro de 2024, non aprobou a proposta de modificación réxime comisións informativas que tiña o seguinte contido.

Visto que o Pleno en sesión organizativa extraordinaria de data 29/6/2024 **ACORDOU:**

PROPOSTA MODIFICACIÓN RÉXIME COMISIÓNS INFORMATIVAS :

Logo de ver os artigos 66 a 68 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante), reguladores da Comisión Especial de Contas e das comisións de estudo, informe ou consulta, nos que se indica:

“Artigo 66 1.-A Comisión Especial de Contas dá entidade local estará constituída polos membros dous distintos grupos políticos dá Corporación.

2.-Ou número de membros será proporcional á súa representatividade non Concello ou igual para cada grupo. Non último caso aplicarase ou sistema de voto ponderado.

Artigo 67 1.-Corresponderanlle á Comisión Especial de Contas ou exame, ou estudo e ou informe dá Contaxeral e das demais contas anuais.

2.-Para ou exercicio axeitado das súas funcións, a Comisión poderá requirir, por medio do alcalde, a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

documentación complementaria que considere precisa e a presenza dúas membros e funcionarios da Corporación especialmente relacionados coas contas que se analicen.

3.-As competencias da Comisión Especial de Contas entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, de conformidade coa súa lexislación específica

Artigo 68. 1. Constituiranse comisións de estudo, informe e consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes. Nos demais poderán constituírse potestativamente, se así ou acorda ou Pleno da Corporación.

2.-Corresponderanlles a estas comisións ou estudo e ou ditame previos dous asuntos que deban someterse á decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Comisión de Goberno cando este órgano lles solicite ditame.

3.-Corresponderalle ó Pleno determina-o número e a denominación das comisións de estudo, informe ou consulta e mailas súas modificacións.

4.-Estas comisións poderán constituírse tamén con carácter temporal para tratar de temas específicos.

5.-As comisións estarán integradas polos membros que designen vos distintos grupos políticos que forman parte da Corporación, de conformidade cos criterios ós que se refire ou artigo 66.2 desta lei”.

Logo de ver, por outra banda, os artigos 123 a 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), en especial, os artigos 124.1 e .2 , segundo o cal “1. As Comisións informativas poden ser permanentes e especiais.

2. Son Comisións informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que han de someterse ao Pleno.

O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do Alcalde ou Presidente, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos. (...)” e o artigo 125 ROF de conformidade co cal “No acordo de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

creación das Comisións informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a.-O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

b.-Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c.-A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.”.

Por outra banda, segundo o artigo 127 ROF “1.-A Comisión especial de contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

2.-Corresponde á Comisión especial de contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extrapresupuestarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, #de acordo con o establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

3.-Ben a través do regulamento orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión especial de contas poderá actuar como Comisión informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda da entidade.”.

Primeiro.-Constituír as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

Segundo.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

grupos políticos presentes na Corporación, sexa a seguinte: Ademais, da Presidencia (sen voto, agás o de calidade, no seu caso), cada comisión contará cun/ha representante de cada grupo municipal, con voto ponderado segundo o establecido nos artigos 66.2 e 68.5 LALGA, cos seguintes valores:

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 7 votos

Grupo municipal do Partido Popular, 5 votos

Grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, 1 voto

Terceiro.-A adscripción concreta a cada comisión dos/as membros da Corporación que deban formar parte daquela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro de cada un de tales grupos dirixido ao Alcalde-Presidente, designación da orde de suplentes, e do que se dará conta ao Pleno.

Cuarto.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Quinto.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o venres anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 14:45 horas.

Sexto.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.”

Visto que polos grupos municipais concreouse a adscripción concreta dos membros en representación de cada grupo , mais o escrito presentado polo concelleiro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños D. Francisco Bello Hermida con número de rexistro de entrada 202499900001007 en data 10/9/2024 :

Visto que dito abandono do grupo municipal de Alternativa dos Veciños afecta á composición da/s comisión/s o pasar a ser un membro non adscrito en aplicación do disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Artículo 73.

3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o **que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.....**

Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación.

Esta previsión no será de aplicación en el caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cuando alguno de los partidos políticos que la integren decida abandonarla.

Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.

Cuando la mayoría de los concejales de un grupo político municipal abandonen la formación política que presentó la candidatura por la que concurren a las elecciones o sean expulsados de la misma, serán los concejales que permanezcan en la citada formación política los legítimos integrantes de dicho grupo político a todos los efectos. En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.

Visto cambios na composición plenaria, tanto por existencia de membro non adscrito como toma de posesión de novo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-*Manter as Comisións Informativas Permanentes constituídas por acordo plenario de data 29/6/2024 que se relacionan a seguir:*

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

SEGUNDO.-*Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, e a actual existencia dun membro non adscrito sexa a seguinte: Ademais, da Presidencia (sen voto, agás o de calidade, no seu caso), cada comisión contará cun/ha representante de cada grupo municipal, con voto ponderado segundo o establecido nos artigos 66.2 e 68.5 LALGA, cos seguintes valores:

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 6 votos

Grupo municipal do Partido Popular, 5 votos

Grupo municipal mixto (concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, 1 voto

Membro no adscrito Francisco Javier Bello Hermida 1 voto

TERCEIRO. – **Solicitar que se actualicen as** adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando un titular e un suplente , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto , e reducíndose o voto ponderado do membro do grupo de Alternativa dos Veciños a 6 .

CUARTO.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

QUINTO.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o luns anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 14:45 horas, e para as extraordinarias se celebrará a/s sesión/s da/s Comisión/s con dous días hábiles de antelación ó pleno á hora que se fixe polo Presidente na convocatoria.

SEXTO.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Considerando urxente e necesaria a modificación da composición das comisións informativas para cumprir o establecido no artigo 125 do RD 2568/1986 Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais que sinala que cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os diferentes grupos políticos representados na Corporación vista a xurisprudencia sinalada en informe de Secretaría que consta no expediente da proposta anterior e a necesidade de que os membros non adscritos formen parte de ditas comisións , proponse tras estudo e valoración en Xunta de portavoces en data 25/10/2024 a adopción do seguinte **ACORDO** :

PRIMEIRO.-Manter as Comisións Informativas Permanentes constituídas por acordo plenario de data 29/6/2024 que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

SEGUNDO.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, e a actual existencia dun membro non adscrito sexa a seguinte: cada comisión terá 9 membros todos con voto tal como segue :

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 4 un deles Presidente que será o Alcalde

Grupo municipal do Partido Popular, 3

Grupo municipal mixto (concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), 1

Membro no adscrito Francisco Javier Bello Hermida 1

TERCEIRO. – Solicitar que se actualicen as adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando un titular e un suplente , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto , e reducíndose o voto ponderado do membro do grupo de Alternativa dos Veciños a 6 .

CUARTO.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

QUINTO.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o xoves anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 20:00 horas e para as extraordinarias se celebrará a/s sesión/s da/s Comisión/s con dous días hábiles de antelación ó pleno á hora que se fixe polo Presidente na convocatoria.

SEXTO.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante

Asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe .

O Alcalde

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose”

Visto o erro no apartado terceiro da proposición anterior rectifícase no senso:

“PROPOSICIÓN DE ACORDO

Organización/ Xestión de integrantes mandato 2023-2027

Reorganización Comisións informativas

Visto que hai uns erros no apartado terceiro da proposición remitida asinada o 28/10/2024 **TERCEIRO.** – **Solicitar que se actualicen as** adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando un **titular e un suplente** , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto , **e reducíndose o voto ponderado do membro do grupo de Alternativa dos Veciños a 6 .**

Considerando urxente e necesaria a modificación da composición das comisións informativas para cumprir o establecido no artigo 125 do RD 2568/1986 Regulamento de organización e funcionamento das entidades



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

locais que sinala que cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os diferentes grupos políticos representados na Corporación vista a xurisprudencia sinalada en informe de Secretaría que consta no expediente da proposta anterior e a necesidade de que os membros non adscritos formen parte de ditas comisións , proponse tras estudo e valoración en Xunta de portavoces en data 25/10/2024 a adopción do seguinte **ACORDO rectificando dito erro** :

PRIMEIRO.-Manter as Comisións Informativas Permanentes constituídas por acordo plenario de data 29/6/2024 que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

SEGUNDO.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, e a actual existencia dun membro non adscrito sexa a seguinte: cada comisión terá 9 membros todos con voto tal como segue :

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 4 un deles Presidente que será o Alcalde

Grupo municipal do Partido Popular, 3

Grupo municipal mixto (concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), 1

Membro no adscrito Francisco Javier Bello Hermida 1

TERCEIRO. – Solicitar que se actualicen as adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando os titulares e suplentes , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto.

CUARTO.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

QUINTO.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o xoves anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 20:00 horas e para as extraordinarias se celebrará a/s sesión/s da/s Comisión/s con dous días hábiles de antelación ó pleno á hora que se fixe polo Presidente na convocatoria.

SEXTO.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante

Asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe .

O Alcalde

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose”

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Bello


Intervén o Sr. Bello para indicar que el está dacordo, a proposición é tal e como se acordou na xunta de voceiros.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco.

Intervén a Sra. Blanco para indicar que tanto o horario como o cambio de data das comisións parécelle correcto e foi o que acordaron na xunta de voceiros pero, indica a Sra. Patricia que, lle parece un exceso de membros na comisión informativa, 9 membros nunha comisión informativa dun pleno de 13 membros parécelle esaxerado, pensa a Sra. Fidalgo que os debates teñen que levarse a cabo no seno dos partidos e a comisión informativa debería ir a persoa con voz de todo o seu grupo e se algunha persoa dentro dese grupo non está dacordo, xa está o pleno para facer esa votación, indica a Sra. Patricia. En todo caso, manifesta a Sra. Blanco que ela votará a favor polo tema das datas e horarios.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Fernández para comentar que faláronse de xunta de portavoces, pero iso no concello de Carral non existe, matiza o Sr. Mouriño que o que existiu foi unha reunión de voceiros e agradece que os convocara



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

por primeira vez, para un tema de trámite que tampouco é decisivo para o que pode ser o funcionamento ou o futuro de Carral pero, insiste o Sr. Mouriño en que lle agradecen ao Sr. Alcalde que chamara á oposición a unha reunión de voceiros. En canto á proporcionalidade, indica o Sr. Fernández é a correcta pero chámalle a atención que á voceira do grupo socialista se sorprenda porque Alternativa dos Veciños con 7 concelleiros/as, no seu día, agora con 6, que teña 4 representantes, o partido popular con 5 concelleiros/as ten 3 representantes, si realmente se fixera a proporcionalidade o PSOE non tería representación, comenta o Sr. Fernández Mouriño.

Manifesta a Sr. Patricia que o voto é ponderado, Alternativa dos Veciños ía con 7 votos, partido popular ía con 5, aínda que votara unha soa persoa era con voto ponderado.

Indica o Sr. Alcalde que agora irán 9 persoas ás comisións informativas.

Matiza a Sra. Patricia que con 9 membros é case un minipleno.

Indica o Sr. Mouriño que para el ven mais catro ollos que dous e cantos mais estén pódense dar mais conta de cousas que un so non ve e pódese votar mais cousas. Manifesta o Sr. Mouriño que o voto do partido popular será favorable.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que se procederá á votación

Indica o Sr. Fernández que antes de votar o punto teríase que votar a urxencia do punto.

Manifesta o Sr. Alcalde que sí, que primeiro se votará a urxencia do punto.

Procédese a votar a urxencia para tratar o punto por non estar dictaminado na comisión informativa de asuntos xerais de pleno arroxando o seguinte resultado: por unanimidade con 11 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños), (5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP) e (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e (1 voto do concelleiro non adscrito) o Pleno acorda a urxencia de dito punto.

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños), (5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP) e (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e (1 voto do concelleiro non adscrito) o Pleno aprobou o seguinte ACORDO:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PRIMEIRO.-Manter as Comisións Informativas Permanentes constituídas por acordo plenario de data 29/6/2024 que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

SEGUNDO.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 28 de maio de 2023 polos grupos políticos presentes na Corporación, e a actual existencia dun membro non adscrito sexa a seguinte: cada comisión terá 9 membros todos con voto tal como segue :

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 4 un deles Presidente que será o Alcalde

Grupo municipal do Partido Popular, 3

Grupo municipal mixto (concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), 1

Membro no adscrito Francisco Javier Bello Hermida 1

TERCEIRO. – Solicitar que se actualicen as adscripcións de membros das comisións informativas permanentes mediante escrito do voceiro de cada grupo municipal dirixido ao Alcalde-Presidente, designando os titulares e suplentes , e do que se dará conta ao Pleno., sinalando que se engade o membro non adscrito con voz e voto.

CUARTO.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

QUINTO.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran o xoves anterior á sesión ordinaria do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), as 20:00 horas e para as extraordinarias se celebrará a/s sesión/s da/s Comisión/s con dous días hábiles de antelación ó



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

pleno á hora que se fixe polo Presidente na convocatoria.

SEXTO.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante

SEGUNDO.- Proposición modificación de ordenanzas fiscais, disposición adicional suspensión vixencia ordenanza ocupación casetas venda, postos, atraccións rodaxe. Expte. Tedec 2024/G016/000002

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposición relacionada coa orde do día:

“PROPOSTA DE ACORDO

Modificación de ordenanzas fiscais. Disposición adicional suspensión vixencia ordenanza ocupación casetas venda, postos, atraccións, rodaxe

Vista proposta acordo que consta no expediente có seguinte contido:


Expediente: 2024/G016/000002

Procedemento: Proposta de modificación parcial por suspensión temporal da vixencia da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral. Disposición adicional para suspensión temporal de vixencia ata 31/12/2025.

Documento asinado polo Alcalde

Con data 24.03.1999 publicouse no BOP nº 67 a aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral, pola que se establece o devandito tributo e se regula o réxime de aplicación.

Tendo en conta as circunstancias concorrentes nos últimos tempos, algunhas delas de carácter extraordinario, vencelladas a crises sanitarias globais e á continua tendencia alcista do índice de prezos ao



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

consumo, que produciron efectos negativos nas economías, en xeral, e en particular, no que agora nos ocupa, no tecido asociativo municipal, propoño suspender temporalmente, ata o remate do vindeiro exercicio 2025, a vixencia da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.


Neste contexto, tendo en conta as posibles distorsións que pode causar na veciñanza a exacción deste tributo das que é coñecedor o Concello, parece razoable que o Concello, dentro das súas restrinxidas competencias en materia de promoción económica e do movemento asociativo veciñal, intente contribuir, na medidas das súas posibilidades, ao sostemento deste tecido de gran importancia na vida local de Carral, a través da suspensión temporal da exacción e recadación das taxas por este tipo de ocupación, mentres se analizan as diferentes alternativas nesta materia que fagan compatible o sostemento dos servizos públicos municipais cunha financiación municipal axeitada e suficiente e a promoción das actividades de carácter cultural, social e, en xeral, de especial interese veciñal dentro do termo municipal de Carral, desenvolvidas por asociacións, comisións e demais entidades de natureza análoga que precisen da ocupación que constitúe o feito impositivo da taxa.

O que propoño é unha medida transitoria, centrada na suspensión da vixencia das taxas no que resta deste ano e ao longo do vindeiro exercicio, en tanto se avalían as medidas a adoptar nesta materia (análise de posibles entidades afectadas, tarifas aplicables, períodos temporais especialmente afectados polas ocupacións, afluencia de público, tipoloxía de eventos....etc), nun escenario de seguridade xurídica e tributaria.

En definitiva, entendo que existe un fundamento obxectivo e de interese xeral que xustifica a medida proposta, baixo parámetros de proporcionalidade e coherencia coa finalidade perseguida de paliar, no posible, as disfuncionalidades e alteracións detectadas nos últimos tempos.

A suspensión da vixencia da ordenanza fiscal nos termos expostos, e das taxas nelas reguladas, pódese articular a través dunha modificación da citada ordenanza fiscal polo Pleno da Corporación introducindo unha disposición adicional, como segue:

“Disposición adicional. Con carácter excepcional, a vixencia desta ordenanza fiscal quedará suspendida e a taxa de ocupación do dominio público que regula non se esixirá, dende a entrada en vigor desta modificación ao día seguinte da súa publicación no BOP, ata o 31/12/2025.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Tendo en conta o informe de intervención e tesourería e as advertencias nel recollidas, ratificando a Secretaría o seu contido íntegro.

Por todo o exposto, propónse ao órgano competente en virtude da delegación efectuada a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral polo Pleno da Corporación introducindo unha disposición adicional, como segue:

“Disposición adicional. Con carácter excepcional, a vixencia desta ordenanza fiscal quedará suspendida e a taxa de ocupación do dominio público que regula non se esixirá, dende a entrada en vigor desta modificación ao día seguinte da súa publicación no BOP, ata o 31/12/2025.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas¹.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe

O Alcalde :”

Solicita o Sr. Fernández Mouriño que por cuestión de orde debería votar a urxencia do punto.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para dicir que en outubro o seu grupo pediu un pleno extraordinario para derogar ou suspender esta ordenanza que aquí se trae hoxe, o que se plantexaba no seu día, no que se quedara naquel pleno extraordinario nada ten que ver co que se trae a este pleno que é a de suspender a ordenanza ata o 2025, polo tanto o grupo municipal do PP no sabe se o equipo de goberno quere que se debata ou se vote



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ou non a urxencia pero, insiste o Sr. Fernández Mouriño qu,e o que se trae a este pleno non foi o que solicitou no pleno anterior.

Intervén o Sr. Alcalde para decir que a urxencia hai que votala, indica o Sr. Alcalde que esta é unha proposta que quería a oposición.

Indica o Sr. Alcalde que se vote a urxencia deste punto.

Procédese a votar a urxencia para tratar o punto por non estar dictaminado na comisión informativa de asuntos xerais de pleno arroxando o seguinte resultado: por unanimidade con 11 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños), (5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP) e (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e (1 voto do concelleiro non adscrito) o Pleno acorda a urxencia de dito punto.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Bello Hermida

Intervén o Sr. Bello para indicar que vista esta proposición nada ten que ver coas propostas que se fixeron no pleno anterior, entende o Sr. Bello que isto é un parche para este ano , o que se pediu, por unanimidade no pleno anterior foi que as comisións de festas, clubs deportivos e asociación sen ánimo de lucro quedaran exentas do pago das taxas pero non se quedou en suspender un ano a ordenanza, insiste o Sr. Bello en que isto lle parece un parche improvisado e non o entende o Sr. Bello xa que na reunión de voceiros puidose falar desta ordenanza e non se fixo.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que este é un tema que pediu a oposición, é para anular unha ordenanza, indica o Sr. Alcade que o Sr. Bello sabe que ten un proceso para podela derogar e para que esta ordenanza quede anulada hay que facer outra, por eso o tempo dun ano, para facela tranquilamente. E a partir da aprobación da ordenanza nova ninguén dos que se pediu no plen extraordinario solicitado terá que pagar por dominio público e por iso se pide a suspensión a suspensión ata o 2025.

Intervén o Sr. Bello para indicar que o único que se pide é incluír un epígrafe de exención de taxas

Manifesta o Sr. Alcalde que non se poden incluír epígrafes que os hai que publicar, é un proceso mais complicado, indica o Sr. Alcalde ou iso, é o que mme din os técnicos. Indica o Sr. Alcalde que a el, dende os servicios técnicos, se lle pediu un tempo para redactar correctamente a ordenanza, e indica o Sr. Alcalde que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

si se pode facer a ordenanza dun día para outropola súa parte non tería ningún problema

Intervén a Sra. Patricia para indicar que ela vai pole mesmo camiño que o Sr. Bello, a ordenanza non debería ser suspendida, senón derogada e cambiada por outra, de todos xeitos, é certo indica a Sra. Blanco que crear unha ordenanza non é tan sinxelo pero, considera que poñer unha disposición adicional bastaría

Intervén o Sr. Alcalde para comentar que xa hai unha disposición adicional

Continua a Sra. Blanco diciendo que no canto de esa disposición adicional podería ir unha disposición adicional diciendo que “ata que se cree unha nova ordenanza , ata que se regule... as asociacións sen ánimo de lucro, comisións de festas, etc, quedarán exentas ou bonificadas 100% desas taxas” e isto tería que poñerse a exposición pública exactamente igual que a que o equipo de goberno propón, indica a Sra. Blanco que non entende cal é a diferenza, simplemente que a disposición adicional contemple o caso, xa que o que se está diciendo coa proposta do equipo de goberno, comenta a Sra. Blanco, que calquera que veña a Carral sexa ou non con ánimo de lucro estará exento de taxas dende agora ata o 31 de decembro de 2025, o que quere a Sra. Patricia con esa disposición adicional é que se bonifiquen as comisións de festas e asociacións sen ánimo de lucro.

Manifesta a Sra. Patricia que está dacordo co que dí o Sr. Bello e o Sr. Mouriño que vir a un pleno extraordinario, sen comisión informativa, a carreiras, traer unha ordenanza agora, non a cambiar podéndoa levar unha proposta de ordenanza no pleno de novembro , non entende a Sra. Patricia cal é o obxecto de facelo agora, aínda que sí se pediu que se eliminaran esas taxas para esas entidades non que se pediu que se suspenderan, isto é moi distinto. Indica a Sra. Blanco que ela sería partidaria de deixar este puntos sobre a mesa e que fora no próximo pleno.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para comentar que o Sr. Alcalde acaba de dicir que “é o que a el lle dín ou que lle deixan de dicir” se o Sr. Alcalde se para a pensar un pouco, indica o Sr. Mouriño, independentemente do que lle dín os habilitaros nacionais, dos cales o Sr. Alcalde é responsable de escoitalos e solicitarlle informes, o que está claro é unha cousa que quen decide é o propio Alcalde. Manifesta o Sr. Fernández, esta modificación que o Sr. Alcalde pretende traese ao pleno para aprobarse, despois publicarse no BOP e ratificarse nun pleno posterior, no caso de alegacións, e voltarase a publicar no boletín oficial da provincia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Pregunta o Sr. Fernández o mesmo que o Sr. Bello e a Sra Patricia, porque non se falou antes disto, o grupo municipal do PP non quere que non se lle cobre a quen hai que cobrarlle, o grupo municipal do PP quere que as entidades sen ánimo de lucro que son do Concello de Carral, incluso manifesta o Sr. Mouriño que se pode facer neste intre unha proposta, unha enmenda in voce, ao que o Sr. Alcalde está dicindo “pospoñerla a decembro de 2025”, pregunta o Sr. Mouriño se son tan inoperantes como para non poder tomar unha decisión agora mesmo na cal se poda decidir que “so e exclusivamente queren que non se lle cobre ás asociacións porque non teñen ánimo de lucro, ás comisións de festas porque non teñen ánimo de lucro, asociación de tipo cultural do concello e incluso a outras asociacións que sendo doutros concellos veñen a facer cousas a Carral sen ánimo de lucro”, é, indica o Sr. Fernández que o Sr. Alcalde dí que non se vai poder facer e que ata o 2025 van a deixala posposta porque non hai tempo a pensar iso.

Manifesta o Sr. Fernández que el non pensa que haxa un problema tan grave nas contas do Concello, no informe de intervención pon que se cobraron 800 e pico euros de taxas no que levamos do ano 2024, non se está a falar de vinte mil euros nin de trinta mil, o que non se pode facer é o que dí o Sr. Alcalde que ás asociacións e ás comisións de festas que lle mandou cobrar a secretaria, a tesoureira e a interventora, e indicalle o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde que o seu xefe (en referencia ao Alcalde de Oleiros), que fala moito nos medios de comunicación dí que foi “Mouriño” o que impuxo esa taxa e continua o Sr. Fernández dicindo que esa taxa está do ano 1999, e nese ano, el non era Alcalde, dí que o Sr. Mouriño (en referencia a el mesmo) ten moitas culpas de moitos males, pero nesa ordenanza votou a favor porque era pensada e así está estipulada, para as entidades con ánimo de lucro, xa que se agora ven un circo que cobra a entrada, ou ven Miguel Bosé cantar ao campo da feira e cérrase e vállase a esa xente hai que cobrarlle pero ao resto non .

<p>- As funcións sinaladas no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade.</p> <p>-En virtude do convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, a policía local tamén exercerá dentro do seu termo Municipal. Singulamente: Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas por órganos da comunidade autónoma con especial atención ás materias relativas á protección ao menor, o medio ambiente, a saúde e a muller; a vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios do servizo; a inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita.</p> <p>-Calquera outra que lle encomenden os seus superiores xerárquicos e as que conforme ao seu cargo lle correspondan.</p> <p>Todo segundo os deberes dos empregados públicos, código de conduta, principios éticos e principios de conduta establecidos nos artigos 52, 53 e 54 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.</p>			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

--

VALORACIÓN DO POSTO			
FACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
FACTOR "A" TITULACIÓNS ACADÉMICAS	1. Título de graduado escolar, FPI ou equivalente	Actividades de cualificación escolar moderada	
	2. Título de Bacharelato, FP II ou equivalente	Actividades de cualificación profesional alta	x
	3. Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP III, ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica media	
	4. Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica superior	
FACTOR "B" OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	1. Especialización baixa	Cursos complementarios para o desempeño do posto.	
	2. Especialización básica	Carnés especiais para manipulación de máquinas	
	3. Especialización moderada	Estudos específicos do área	
	4. Especialización media	Especialidades Técnicas	x
	5. Especialización alta	Estudios especiais tipo máster relacionados coa área do posto	
	6. Especialización moi alta	Cofecementos específicos para certas áreas de asesoramento	
	7. Especialización máxima	Posto que só se pode desenvolver pola acumulación de especializacións complexas de ámbito superior	
FACTOR "C" RESPONSABILIDADE POR MANDO	1. Mando baixo	Vixilancia e control de persoal	
	2. Mando medio	Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos	
	3. Mando dun grupo reducido con ou sen algún mando intermedio	Normalmente de 3 a 15 persoas	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas	
	5. Mando dunha organización	Con independencia do número de traballadores	
FACTOR "D" RESPONSABILIDADE POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1. Pouca repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control alto	
	2. Certa repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control medio	
	3. Moderada repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control baixo	
	4. Media repercusión en resultados	Postos de control sinxelo ou de execución sen normas	x
	5. Media- alta repercusión en resultados	Postos de control, coordinación...	
	6. Alta repercusión en resultados	Postos de dirección sinxela	
	7. Moi alta repercusión en resultados	Postos de dirección complexa ou plurifuncional	
	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de xerencia de organismos importantes e con competencias delegadas	
FACTOR "E" ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	
	2. Importante esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR "F" ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzadas	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	x
	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga ou de actividades físicas de esforzo	
	3. Esforzos físicos moi importantes con posturas especiais permanentes	Postos de actividades especiais nas que o seu traballo comporte con carácter habitual unhas condicións físicas externas.	
FACTOR "G" PENOSIDADE	1. Condicións moi incómodas ou levemente penosas	Postos de actividade normal con situacións molestas de traballo en intemperie, ruído, suciedade	
	2. Condicións penosas non necesariamente habituais	Postos de actividade administrativa con risco polo manexo de fondos públicos	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	3. Condicións penosas habituais	Postos de actividade administrativa con risco derivado do manexo, traslado e/ou habilitación de fondos públicos.	
FACTOR "H" PERIGOSIDADE	1. Condicións de risco físico frecuente de intensidade moderado	Postos de actividade manual con maquinaria perigosa, ou condución permanente como actividade profesional.	
	2. Condicións de risco físico frecuente de intensidade grave.	Postos de actividade profesional especial que implican un risco posible grave e inevitable.	x
	3. Condicións de máximo risco	Certos postos singulares e especiais do corpo de seguridade.	
FACTOR "I" CARACTERÍSTICAS DA XORNADA	1. Xornada ordinaria, as veces trabállase fóra da mesma	Postos de actividade normal con dispoñibilidade baixa fóra da súa xornada	
	2. Xornada con flexibilidade moderada	Actividade normal con certas variacións	
	3. Xornada con turnicidade cerrada ou alta dispoñibilidade	Actividade normal con certa dispoñibilidade alta; queda con rotación en horario de mañá/tarde/noite ou 24 h.	x
	4. Xornada partida con dispoñibilidade	Actividade normal en horario de mañá e tarde suxeita a certa dispoñibilidade ou urxencia.	
FACTOR "J" RÉXIME DE DEDICACIÓN	1. Dedicación esporádica	Dedicación fóra da xornada	
	2. Dedicación especial	Dedicación fóra da xornada, incluso en fins de semana.	

Segundo.- Dar conta á representación sindical aos únicos efectos de coñecemento e toma de consideración.

Terceiro.- comunicar á Función Pública autonómica e do estado a corrección deste erro.

CUARTO.-Proposición acordo ao pleno da corporación en relación a convenio aedl solicitude subvención aedl 2024/a008/000041 tramitación de Subvención AEDL 2024/2025 relacionado con expediente TEDEC 2024/A006/00001 3 de tramitación de convenios.

Polo alcalde procédese á lectura da proposición relacionada coa orde do día:

“Asunto: DITAME PROPOSTA ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN EN RELACIÓN A CONVENIO AEDL SOLICITUDE SUBVENCIÓN AEDL 2024/A008/000041 tramitación de Subvención AEDL 2024/2025 relacionado con expediente TEDEC 2024/A006/000013 de tramitación de convenios.

Visto expediente tramitado para solicitude de subvención AEDL Expediente TEDEC 2024/A008/000041 relacionado con expediente 2023/A006/000013 de tramitación de convenios.

Visto o requerimento de documentación recibido polo concello de Oza Cesuras o día 23/10/2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se require a presentación da Copia do convenio ou acordo de colaboración do desenvolvemento conxunto do proxecto (CVE recibido: zHezhO2edBw1 /expediente TR351B-2024-00000034-01)

Visto decreto 2024/G003/000455 có seguinte contido n.º 421/2024 de data 21/10/2024:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Tramitación Convenio SUBVENCIÓN AEDL 2024-2025 CONCELLOS DE OZA

CESURAS, CARRAL E COIRÓS

EXPEDIENTE: 2024/A006/000013

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000455

Vista a proposta asinada dixitalmente pola Axente de emprego e desenvolvemento local que consta no expediente.

ASUNTO: APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA UN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL ENTRE OS CONCELLOS DE OZA-CESURAS, CARRAL E COIRÓS (2023-2024).

Tendo en conta que o Concello de Carral conta conxuntamente cos Concellos de Oza- Cesuras e Coirós cun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local que nos últimos anos vén prestando os seus servizos co cofinanciamento da Xunta de Galicia, ao abeiro de diversos convenios de colaboración que se asinan anualmente, para o mantemento de dito servizo.

Tendo en conta que a prórroga da contratación laboral da persoa que presta os seus servizo como AEDL, ao abeiro da sinatura do último convenio de colaboración entre os Concellos anteriormente referenciados e cofinanciada ao abeiro da Orde do 25 de setembro de 2023 publicada no DOG nº 1920 do 05 de outubro de 2023, remata o vindeiro 29 de decembro de 2024.

Tendo en conta que no DOG nº 184, do 24 de setembro de 2024, se publicou a Orde do 11 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024-2025 e que os Concello de Carral, Coirós e Oza-Cesuras consideran necesario continuar prestando conxuntamente este servizo pois redunda en beneficio da poboación dos seus concellos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Tendo en conta que para seguir contando co servizo faise necesaria a sinatura dun novo convenio de colaboración entre os Concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós.

Logo de ver a “Memoria-proxecto para o emprego Oza-Cesuras, Carral e Coirós ano 2024-2025” elaborada para a sinatura do Convenio de colaboración e asinada polo alcalde de Oza-Cesuras, don José Pablo González Cacheiro. Logo de ver que por parte dos servizos xurídicos municipais se informase, con data do 10 de outubro de 2024, de xeito favorable a sinatura do convenio de colaboración para a solicitude de subvención para un axente de emprego e desenvolvemento local entre os Concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós por cumprir coa lexislación vixente, sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en dereito e previa fiscalización municipal”.

Tendo en conta que a proposta de convenio elaborado ao efecto para os tres Concellos establece, na súa cláusula terceira, a achega que o Concello de Carral debería aportar para a vixencia do mesmo e que supón un 40% da contía non subvencionable, é dicir, un total de 6.023,26€. Unha vez emitido con data do 11 de outubro de 2024 informe da intervención municipal onde se certifica que “para a anualidade 2025 practicouse a seguinte retención de crédito sobre exercicios futuros polo importe proposto: aplicación orzamentaria 241.46600 exercicio orzamentario 20285 operación RCP220249000019 importe 6.023,26€” constando tamén no expediente o perceptivo RCP.

Visto o anteriormente exposto e en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Acordar a colaboración de desenvolvemento conxunto do proxecto de agrupación do Concello de Carral cos concellos de Oza-Cesuras e Coirós para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude de subvención conxunta para o seu financiamento á Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na cláusula 6.1b) da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024-2025 publicada no DOG nº. 184 do 24 de setembro de 2024. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obra remítese á que posúen cada un dos conveniados.

SEGUNDO.-Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o borrador do convenio que se achega consta na proposta de acordo dos considerandos , aos efectos da solicitude da devandita axuda e



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

comprometer ao Concello de Carral ao cumprimento de todos os compromisos incluídos nel, singularmente o relativo ás achegas económicas que lle corresponden (40% da contía subvencionable: 6.023,26€), en relación ás cales, esta alcaldía declara de xeito responsable que o Concello de Carral dispuxo a habilitación de crédito suficiente no orzamento do ano 2025 para sufragar os custos do proxecto que deban asumir por esta entidade con efectos tras a súa sinatura. Condicionar a sinatura de dito convenio á obtención da subvención e acordó plenario en aplicación do disposto no artigo 47.2h) da Lei 7/1985 de 2 de abril no caso de obtención de dita subvención .

TERCEIRO.-Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, a “Memoria-proxecto para o emprego Oza-Cesuras, Carral e Coirós ano 2024-2025” elaborada para a futura sinatura do convenio.

CUARTO.-Facultar, no que corresponde ao Concello de Carral, ao Concello de Oza- Cesuras para realizar, no seu nome, a solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024 (DOG nº184 do 24.09.2024) así como todas as actuacións necesarias para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local nos tres concellos dende o 30 de decembro de 2024 ata o 29 de decembro de 2025.

QUINTO.-Dar conta do presente decreto ao Pleno da corporación vindeira sesión ordinaria .

ANEXO

PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA UN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL ENTRE OS CONCELLOS DE OZA-CESURAS, CARRAL E COIRÓS

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s.

REÚNENSE:

D. José Pablo González Cacheiro, en representación do Concello de Oza-Cesuras,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

D. Francisco Javier Gestal Pose, en representación do Concello de Carral,
D. Francisco Quintela Requeijo, en representación do Concello de Coirós.

Comparecen as partes recoñecéndose mutuamente plena capacidade legal para subscribir o presente documento ao determinado na normativa vixente e

EXPOÑEN:

1º.- Os axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito de colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, configúranse como persoal contratado das entidades locais que teñen como misión principal colaborar na implantación de políticas activas de emprego e a xeración de emprego no entorno local.

2º.- A *ORDE do 11 de setembro de 2024* (DOG Núm. 184 Martes, 24 de setembro de 2024) establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e procede a súa convocatoria para o ano 2024. BDNS (Identif.): 785893

3º.- Nos últimos anos o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ven prestando servizos, co financiamento da Xunta de Galicia, conxuntamente nos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós ao abeiro de diversos convenios de colaboración que se asinan anualmente para o mantemento de dito servizo.

A prórroga da contratación laboral da persoa que presta os servizos como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ao abeiro do último convenio de colaboración asinado remata o 29 de decembro de 2024.

4º.- Os concellos consideran que o servizo compartido de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local redunda en beneficio da poboación dos seus concellos e resulta proporcionado para atender as necesidades do servizo en cada un dos municipios.

Polo exposto, conveñen nas seguintes



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

CLÁUSULAS:

Primeira.- Os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós agrúpanse para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude de subvención conxunta para o seu financiamento á Xunta de Galicia. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obra remítese á que posúen cada un dos conveniados.


Segunda.- Os concellos de Carral e Coirós facultan ao concello de Oza-Cesuras para realizar, no seu nome, a solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da *ORDE do 11 de setembro de 2024*, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego y desenvolvemento local, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG Núm. 184, 24 de setembro de 2024) así como todas as actuacións necesarias para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local nos tres concellos dende o 30 de decembro de 2024 e o 29 de decembro de 2025.

Terceira.- Os gastos salariais do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local estimados para o período comprendido entre o 30 de decembro de 2024 e o 29 de decembro de 2025 ascenden a 42.104,16 euros, financiaranse coa subvención que se obteña da Consellería (prevista na máxima subvencionable de 27.046,00 euros) e, a contía restante de 15.058,16 euros, con cargo aos orzamentos municipais dos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós nas seguintes contías:

- Achega do Concello de Oza-Cesuras (40% da contía non subvencionable): 6.023,26 €
- Achega do Concello de Carral (40% da contía non subvencionable): 6.023,26 €
- Achega do Concello de Coirós (20% da contía non subvencionable): 3.011,64 €

O Concello de Oza-Cesuras, solicitante da subvención, asumirá a realización dos gastos e pagos salariais do citado servizo e ingresará, no seu caso, o importe da subvención concedida.

Os Concellos de Carral e Coirós deberán ingresar na conta bancaria IBAN ES96 2080 0051 8331 1000 0197 titularidade do concello de Oza-Cesuras as achegas económicas anteriormente indicadas antes do 29 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

decembro do 2025.

Cuarta.- O servizo de axente de emprego e desenvolvemento local (en adiante AEDL) se prestará de conformidade co establecido na *ORDE do 11 de setembro de 2024*, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG Núm. 184 do 24 de setembro de 2024) e demais normativa aplicable.

A sede laboral do AEDL será a do concello no que preste servizos en cada momento segundo a seguinte distribución semanal:

- Os luns e venres prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Carral.
- Os martes e xoves prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Oza-Cesuras.
- Os mércores prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Coirós.

Quinta.- Os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós garantirán a adaptación do AEDL ao seu posto de traballo, facilitándolle acceso á metodoloxía e cantas técnicas sexan necesarias para o mellor desenvolvemento das súas funcións, poñendo á súa disposición os equipamentos e medios materiais adecuados, tales como equipos informáticos precisos, así como acceso a internet e correo electrónico, ademais do acceso á formación que se estableza.

Sexto.- Co fin de garantir a adecuada coordinación, formación e actualización permanente dos AEDL, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en colaboración con outros órganos e/ou entidades públicas da Xunta de Galicia, organizará, con medios propios ou alleos, cantas actuacións estime conveniente, a través de reunións de coordinación, cursos ou xornadas de traballo, presenciais, telemáticas ou por calquera outro medio, facilitando a este persoal regularmente información sobre normativa, desenvolvemento de plans e outras cuestións que considere de interese. Neste caso, priorizarase o seu desenvolvemento a través das ferramentas dispoñibles na aplicación XATEMPREGO.GAL, así como a súa colaboración coa Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A asistencia e participación nestas actividades de formación, coordinación, divulgación e actualización será obrigatoria, polo que os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós deberán facilitar a participación das persoas contratadas como AEDL nas citadas actuacións durante o horario de traballo.

Sétimo..- O órgano de coordinación e seguimento do presente convenio será unha comisión formada polos alcaldes dos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós e formará parte da mesma a AEDL.

A comisión de coordinación terá as reunións extraordinarias que se precisen e unha reunión ordinaria con periodicidade anual na data que acorden conxuntamente.

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar na data e lugar indicados.

O ALCALDE,

Concello de Oza-Cesuras

O ALCALDE,

Concello de Carral

O ALCALDE,

Concello de Coirós

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Asdo.- Francisco Quintela Requeijo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **PROPOÑO**, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, que o Pleno adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acordar a colaboración de desenvolvemento conxunto do proxecto de agrupación do Concello de Carral cos concellos de Oza-Cesuras e Coirós para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude de subvención conxunta para o seu financiamento á Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na cláusula 6.1b) da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024-2025 publicada no DOG nº. 184 do 24 de setembro de 2024. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obra remítese á que posúen cada un dos conveniados.

SEGUNDO.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o borrador do convenio que se achega coma anexo a esta resolución, aos efectos da solicitude da devandita axuda e comprometer ao Concello de Carral ao cumprimento de todos os compromisos incluídos nel, singularmente o relativo ás achegas económicas que lle corresponden (40% da contía subvencionable: 6.023,26€), en relación ás cales, esta alcaldía declara de xeito responsable que o Concello de Carral dispuxo a habilitación de crédito suficiente no orzamento do ano 2025 para sufragar os custos do proxecto que deban asumir por esta entidade con efectos tras a súa sinatura. Condicionar a eficacia de dito convenio á obtención da subvención.

TERCEIRO.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, a “Memoria-proxecto para o emprego Oza-Cesuras, Carral e Coirós ano 2024-2025” elaborada para a futura sinatura do convenio.

CUARTO.- Facultar, no que corresponde ao Concello de Carral, ao Concello de Oza- Cesuras para realizar, no seu nome, a solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024 (DOG nº184 do 24.09.2024) así como todas as actuacións necesarias para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local nos tres concellos dende o 30 de decembro de 2024 ata o 29 de decembro de 2025.

QUINTO.-Dar conta do presente decreto ao Pleno da corporación vindeira sesión ordinaria .

O alcalde

Asdo.-Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria

Asdo.-Rebeca Vázquez Vázquez”

Votase a urxencia do punto.

Procédese a votar a urxencia para tratar o punto por non estar dictaminado na comisión informativa de asuntos xerais de pleno arroxando o seguinte resultado: por unanimidade con 11 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños), (5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP) e (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e (1 voto do concelleiro non adscrito) o Pleno acorda a urxencia de dito punto.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Bello Hermida

Intervén o Sr. Bello Hermida para indicar que lle parece unha gran cousa para Carral xa que leva uns anos funcionando e funciona ben

Intervén a Sra. Blanco para indicar que as colaboración entre concellos sempre son boas.

Intervén o Sr. Fernández para dicir que ao seu grupo lle parece ben e indica ao Sr. Alcalde que é Cesuras non é Cesures como dixo o Sr. Alcalde. Manifesta que votarán a favor deste punto.

Continua o Sr. Mouriño dicindo que aínda que o grupo popular votou en contra da proposta que fixo o Sr. Alcalde no punto da ordenanza o Sr. Fernández quede deixar claro que pedirán outro pleno extraordinario cunha proposta de ordenanza fiscal, non quere o Sr Mouriño que xa no ano 2025 non se lles cobre as asociacións nin as comisión de festas sen ánimo de lucro e sí se lles cobre a todo o que veña e teña ánimo de lucro.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (4 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños), (5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP) e (1 voto da concelleira do grupo mixto (PSdG-PSOE) e (1 voto do concelleiro non adscrito) o Pleno aprobou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar a colaboración de desenvolvemento conxunto do proxecto de agrupación do Concello de Carral cos concellos de Oza-Cesuras e Coirós para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude de subvención conxunta para o seu financiamento á Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na cláusula 6.1b) da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024-2025 publicada no DOG nº. 184 do 24 de setembro de 2024. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obra remítese á que posúen cada un dos conveniados.

SEGUNDO.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, o borrador do convenio que se achega coma anexo a esta resolución, aos efectos da solicitude da devandita axuda e comprometer ao Concello de Carral ao cumprimento de todos os compromisos incluídos nel, singularmente o relativo ás achegas económicas que lle corresponden (40% da contía subvencionable: 6.023,26€), en relación ás cales, esta alcaldía declara de xeito responsable que o Concello de Carral dispuxo a habilitación de crédito suficiente no orzamento do ano 2025 para sufragar os custos do proxecto que deban asumir por esta entidade con efectos tras a súa sinatura. Condicionar a eficacia de dito convenio á obtención da subvención.

TERCEIRO.- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, a “Memoria-proxecto para o emprego Oza-Cesuras, Carral e Coirós ano 2024-2025” elaborada para a futura sinatura do convenio.

CUARTO.- Facultar, no que corresponde ao Concello de Carral, ao Concello de Oza- Cesuras para realizar, no seu nome, a solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2024 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2024 (DOG nº184 do 24.09.2024) así como todas as actuacións necesarias para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local nos tres concellos dende o 30 de decembro de 2024 ata o 29 de decembro de 2025.

QUINTO.-Dar conta do presente decreto ao Pleno da corporación vindeira sesión ordinaria .

ANEXO

PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA UN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL ENTRE OS CONCELLOS DE OZA-CESURAS, CARRAL E COIRÓS

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s.

REÚNENSE:

- D. José Pablo González Cacheiro, en representación do Concello de Oza-Cesuras,
- D. Francisco Javier Gestal Pose, en representación do Concello de Carral,
- D. Francisco Quintela Requeijo, en representación do Concello de Coirós.

Comparecen as partes recoñecéndose mutuamente plena capacidade legal para subscribir o presente documento ao determinado na normativa vixente e

EXPOÑEN:

1º.- Os axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito de colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, configúranse como persoal contratado das entidades locais que teñen como misión principal colaborar na implantación de políticas activas de emprego e a xeración de emprego no entorno local.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2º.- A *ORDE do 11 de setembro de 2024* (DOG Núm. 184 Martes, 24 de setembro de 2024) establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e procede a súa convocatoria para o ano 2024. BDNS (Identif.): 785893

3º.- Nos últimos anos o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ven prestando servizos, co financiamento da Xunta de Galicia, conxuntamente nos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós ao abeiro de diversos convenios de colaboración que se asinan anualmente para o mantemento de dito servizo.

A prórroga da contratación laboral da persoa que presta os servizos como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ao abeiro do último convenio de colaboración asinado remata o 29 de decembro de 2024.

4º.- Os concellos consideran que o servizo compartido de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local redunda en beneficio da poboación dos seus concellos e resulta proporcionado para atender as necesidades do servizo en cada un dos municipios.

Polo exposto, conveñen nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós agrúpanse para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude de subvención conxunta para o seu financiamento á Xunta de Galicia. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obra remítese á que posúen cada un dos conveniados.

Segunda.- Os concellos de Carral e Coirós facultan ao concello de Oza-Cesuras para realizar, no seu nome, a solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da *ORDE do 11 de setembro de 2024*, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego y desenvolvemento local, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG Núm. 184, 24 de setembro de 2024) así como todas as actuacións necesarias para o mantemento do servizo dun axente de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

emprego e desenvolvemento local nos tres concellos dende o 30 de decembro de 2024 e o 29 de decembro de 2025.

Terceira.- Os gastos salariais do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local estimados para o período comprendido entre o 30 de decembro de 2024 e o 29 de decembro de 2025 ascenden a 42.104,16 euros, financiaranse coa subvención que se obtéña da Consellería (prevista na máxima subvencionable de 27.046,00 euros) e, a contía restante de 15.058,16 euros, con cargo aos orzamentos municipais dos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós nas seguintes contías:

- Achega do Concello de Oza-Cesuras (40% da contía non subvencionable): 6.023,26 €
- Achega do Concello de Carral (40% da contía non subvencionable): 6.023,26 €
- Achega do Concello de Coirós (20% da contía non subvencionable): 3.011,64 €

O Concello de Oza-Cesuras, solicitante da subvención, asumirá a realización dos gastos e pagos salariais do citado servizo e ingresará, no seu caso, o importe da subvención concedida.

Os Concellos de Carral e Coirós deberán ingresar na conta bancaria IBAN ES96 2080 0051 8331 1000 0197 titularidade do concello de Oza-Cesuras as achegas económicas anteriormente indicadas antes do 29 de decembro do 2025.

Cuarta.- O servizo de axente de emprego e desenvolvemento local (en adiante AEDL) se prestará de conformidade co establecido na *ORDE do 11 de setembro de 2024*, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG Núm. 184 do 24 de setembro de 2024) e demais normativa aplicable.

A sede laboral do AEDL será a do concello no que preste servizos en cada momento segundo a seguinte distribución semanal:

- Os luns e venres prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Carral.
- Os martes e xoves prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Oza-Cesuras.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Os mércores prestará servizos e terá a súa sede laboral no concello de Coirós.

Quinta.- Os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós garantirán a adaptación do AEDL ao seu posto de traballo, facilitándolle acceso á metodoloxía e cantas técnicas sexan necesarias para o mellor desenvolvemento das súas funcións, poñendo á súa disposición os equipamentos e medios materiais adecuados, tales como equipos informáticos precisos, así como acceso a internet e correo electrónico, ademais do acceso á formación que se estableza.

Sexto.- Co fin de garantir a adecuada coordinación, formación e actualización permanente dos AEDL, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en colaboración con outros órganos e/ou entidades públicas da Xunta de Galicia, organizará, con medios propios ou alleos, cantas actuacións estime conveniente, a través de reunións de coordinación, cursos ou xornadas de traballo, presenciais, telemáticas ou por calquera outro medio, facilitando a este persoal regularmente información sobre normativa, desenvolvemento de plans e outras cuestións que considere de interese. Neste caso, priorizarase o seu desenvolvemento a través das ferramentas dispoñibles na aplicación XATEMPREGO.GAL, así como a súa colaboración coa Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A asistencia e participación nestas actividades de formación, coordinación, divulgación e actualización será obrigatoria, polo que os concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós deberán facilitar a participación das persoas contratadas como AEDL nas citadas actuacións durante o horario de traballo.

Sétimo.- O órgano de coordinación e seguimento do presente convenio será unha comisión formada polos alcaldes dos concellos de Oza-Cesuras, Carral e Coirós e formará parte da mesma a AEDL.

A comisión de coordinación terá as reunións extraordinarias que se precisen e unha reunión ordinaria con periodicidade anual na data que acorden conxuntamente.

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar na data e lugar indicados.

O ALCALDE,

O ALCALDE,

O ALCALDE,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello de Oza-Cesuras

Concello de Carral

Concello de Coirós

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Asdo.- Francisco Quintela Requeijo

Non habendo máis asuntos que tratar,o Sr. Alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as 17 horas e 08 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

Secretaría accidental, SONIA CAMPOS ARES

Alcaldía, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE